

**“A única cousa que interfere
na miña aprendizaxe
é a educación.”**

Albert Einstein

Contidos.....

| | |
|--|----|
| Recuperación condicións económicas e laborais | 2 |
| Ampliación permisos maternidade e paternidade .. | 3 |
| Táboas retributivas 2018 | 4 |
| Defensor profesor 2016-2017 | 6 |
| Pagas EXTRA | 8 |
| Xubilación | 10 |

Director: Julio Díaz Escolante

Consello de redacción:

Secretariado Autonómico

Edita: ANPE-GALICIA

Imprime: Método Gráfico, SL
Albasanz, 14 bis • 28037 Madrid

Nota: Esta publicación, como toda información sindical, está amparada pola lei. Debe estar exposta nos taboleiros de información sindical de cada centro (art. 8,2ª LOLS y art. 42.5 Lei 9/879). As accións que obstaculicen a súa distribución están penalizadas polas leis vixentes.

ANPE-GALICIA

Centro de Negocios Compostela Norte,
Rúa Xose Chao Rego, 8 baixo • C.P.15705
Santiago de Compostela
Tel: 981 552 393 • Fax: 981 576 835
galicia@anpe.es

ANPE-CORUÑA

Avda. Buenos Aires, 7
Entrechán esquerda
CP 15004 A Coruña
Tel. 981 271 915
acoruna@anpe.es

ANPE-LUGO

Rúa San Roque, 94-98
Entrechán esquerda
CP 27002 Lugo
Tel. 982 227 912
Fax 982 227 912
lugo@anpe.es

ANPE-PONTEVEDRA / VIGO

República Argentina, 10.
Entrechán- Oficina 3
CP 36201 Vigo
Tel /Fax. 986 437 043
pontevedra@anpe.es
anpe@mundo-r.com

ANPE-ORENSE

Rúa Progreso, 83-1º D
CP 32003 Ourense
Tel. 988 255852
Fax. 988 391 843
ourense@anpe.es



ANPE GALICIA pide a recuperación das condicións laborais e económicas dos docentes galegos

O Sindicato ANPE solicita ao Goberno Autonómico a recuperación das condicións laborais e económicas dos docentes da Comunidade Autónoma.

Por iso, ante os múltiples acordos pechados polas distintas Comunidades Autónomas (**Madrid, Castela a Mancha, Canarias, Cantabria, Castela León, A Rioxa...**) ANPE esixe ao Goberno da Xunta de Galicia que invista os medios económicos necesarios para conseguir a recuperación das condicións laborais do profesorado ao seu estado anterior ao comezo dos recortes, así como diálogo e negociación no plano educativo.

ANPE esixe un **gran Acordo** que leve á revisión de todos os recortes e que comporte unha mellora nas condicións de traballo do profesorado e unha aposta decidida pola atención á diversidade. A maioría das comunidades negociaron acordos de mellora, mentres que os Gobernos de Núñez Feijoo só aplicaron recortes sen logro algún para o profesorado galego.

ANPE seguirá as vías da negociación e da presión sindical para recuperar todos os dereitos perdidos e para que tanto o Goberno Autonómico como a Consellería de Cultura e Educación, aposten decididamente polo ensino público na nosa comunidade.

Ampliación dos permisos de maternidade e paternidade para os docentes galegos

A publicación no Diario Oficial de Galicia do pasado día 28 de decembro de 2017 da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, supón para os e as docentes galegos a ampliación dos permisos de maternidade e paternidade.

Deste xeito o artigo 5 da anteriormente citada Lei supón a modificación da Lei 2/2015, do 29 de Abril, do emprego público de Galicia nos seguintes termos:

- O número 1 do artigo 121 queda modificado como segue:

«1. Nos casos de parto, **a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de vinte semanas ininterrompidas**, que se distribuirán á elección da persoa titular do dereito, sempre que seis semanas sexan inmediatamente posteriores ao parto».

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 122, que queda coa seguinte redacción:

«1. Nos casos de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de vinte semanas ininterrompidas, do cal se fará uso, por elección da persoa titular do dereito, en calquera momento posterior á efectividade da resolución xudicial pola que se constituía a adopción ou efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento, sen que en ningún caso un mesmo menor poida dar dereito a varios períodos de aproveitamento deste permiso».



Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 124, que queda coa seguinte redacción:

«1. Nos casos de nacemento, acollemento ou adopción dun fillo, **o persoal funcionario que non estea a gozar do permiso por parto ou por adopción ou acollemento previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de cinco semanas ininterrompidas** de duración, do cal se fará uso a partir da data do nacemento, da efectividade da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da efectividade da resolución xudicial pola que se constituía a adopción. Nos casos de parto, adopción ou acollemento múltiple, a duración deste permiso incrementarase nunha semana máis».

En resumidas contas, o permiso de maternidade pasa polo tanto das 18 semanas ininterrompidas existentes ata o momento ás **20 semanas** a partires deste ano 2018. Pola súa banda, o permiso de paternidade pasa das 4 ás **5 semanas**.

A Administración Educativa informará de oficio ás persoas que estivesen gozando dun permiso de maternidade ou paternidade no momento da entrada en vigor desta ampliación e lles enviará por escrito ás novas datas de finalización dos mesmos e de reincorporación ao seu posto de traballo.

Todas estas novidades nos permisos e licenzas xa as podeades consultar no noso novo boletín actualizado que está á vosa disposición na nosa páxina web **www.anpegalicia.es**, nos nosos perfís nas redes sociais Facebook e Twitter.



Táboas retributivas 2018

Retribucións Galicia 2018

| CONCEPTO | MESTRES/AS | PROFESORES/AS TÉCNICOS/AS | PROFESORES/AS DE SECUNDARIA | CATEDRÁTICO/A OU CONDICIÓN | INSPECTORES/AS |
|--------------------|------------|------------------------------|--------------------------------|-------------------------------|----------------|
| | € | € | € | € | € |
| SOLDO | 978,26 | 978,26 | 1.131,36 | 1.131,36 | 1.131,36 |
| TRIENIO | 35,48 | 35,48 | 43,52 | 43,52 | 43,52 |
| COMP. DESTINO | 482,88 | 594,64 | 594,64 | 712,25 | 712,25 |
| COMP. ESPECÍFICO | 550,13 | 550,13 | 550,13 | 601,12 | 658,04 |
| TITORÍA | 44,50 | 44,50 | 44,50 | 44,50 | |
| 1 SEXENIO | 60,40 | 60,40 | 60,40 | 60,40 | 60,40 |
| 2 SEXENIOS | 138,06 | 138,06 | 138,06 | 138,06 | 138,06 |
| 3 SEXENIOS | 241,64 | 241,64 | 241,64 | 241,64 | 241,64 |
| 4 SEXENIOS | 388,34 | 388,34 | 388,34 | 388,34 | 388,34 |
| 5 SEXENIOS | 431,48 | 431,48 | 431,48 | 431,48 | 431,48 |
| DESCONTOS: PASIVOS | 86,68 | 86,68 | 110,14 | 110,14 | 110,14 |
| MUFACE | 37,95 | 37,95 | 48,22 | 48,22 | 48,22 |

Os mestres/as definitivos (antes do 2007) na ESO teñen un complemento compensatorio de 109,59 €

A porcentaxe de retención do IRPF depende de aspectos particulares de cada funcionario/a (renda familiar, nº de fillos,..)

As pagas extraordinarias non son dobres.

O IPC Galego é o 0,3784% de todas as retribucións.



Complementos específicos dos cargos

| CARGOS | TIPO | IES, CPI, Artísticas | CEIP, Especial, etc. |
|-------------------------------------|------|----------------------|----------------------|
| DIRECTOR/A | A | 647,66 € | 530,78 € |
| | B | 557,85 € | 480,47 € |
| | C | 504,99 € | 347,72 € |
| | D | 457,16 € | 257,10 € |
| VICEDIRECTOR/A | A | 284,91 € | |
| | B | 279,39 € | |
| | C | 201,39 € | |
| | D | 173,54 € | |
| XEFA/A DE ESTUDOS E SECRETARIO/A | A | 284,91 € | 184,69 € |
| | B | 279,39 € | 173,54 € |
| | C | 201,39 € | 167,98 € |
| | D | 173,54 € | 123,42 € |

| POSTO | €/mes |
|--|----------|
| Centros de educación secundaria | |
| - Xefatura de departamento | 67,70 € |
| - Coordinación de formación de centros de traballo | 67,70 € |
| Centros de educación infantil e/ou primaria | |
| -Xefatura de departamento de orientación | 67,70 € |
| Centros integrados de formación profesional | |
| -Xefatura de departamento | 67,70 € |
| -Coordinación de formación en centros de traballo | 67,70 € |
| -Coordinación de emprendemento | 67,70 € |
| -Coordinación de programas internacionais | 67,70 € |
| -Coordinación TIC | 67,70 € |
| -Coordinación de innovación e formación do profesorado | 67,70 € |
| -Coordinación de biblioteca de centro integrado | 67,70 € |
| -Coordinación de residencia | 67,70 € |
| Escolas de artes aplicadas e conservatorios de música e danza e EOI | |
| - Xefatura de departamento | 67,70 € |
| Centros residenciais docentes | |
| - Xefatura de residencias | 284,91 € |
| - Dirección de residencias | 67,70 € |
| - Responsable de menos de tres unidades de infantil e primaria | 67,70 € |
| - Membros do equipos de orientación específicos | 284,91 € |
| CAFI E CFR 'S | |
| - Dirección | 557,85 € |
| - Asesor/a | 284,91 € |
| - Asesor/a Técnico/a docente | 284,91 € |
| - Profesor/a de EPA e Colexios Rurais Agrupados | 67,70 € |
| - Coordinadores normalización ou dinamización lingüística | 67,70 € |
| Inspección | |
| -Inspector xefe provincial | 955,98 € |
| -Inspector coordinador de sector | 746,12 € |
| -Inspector de Educación | 715,47 € |

A todas as circunscricións territoriais Convocatoria de eleccións internas de ANPE-Sindicato independiente 2017-2018

De acordo co que establece o Artº34.4 do Estatuto e o Artº36 do Regulamento de ANPE e de conformidade co acordo adoptado polo Consello Sindical Estatal celebrado en Madrid a día 25 de outubro de 2017, pola presente veño a convocar eleccións internas de ANPE.

O proceso electoral realizarase conforme ás normas de procedemento e calendario de eleccións internas aprobadas polo Consello Sindical Estatal.

Madrid, 25 de outubro de 2017

Nicolás Fernández Guisado, Presidente Nacional de ANPE



O defensor do profesor atendeu en Galicia a 206 docentes durante o curso 2016-2017

O Defensor do Profesor é un servizo de atención inmediata e gratuíta para docentes vítimas de situación de conflitividade e violencia nas aulas, posto en marcha por ANPE en Galicia o 24 de abril de 2006, como primeira medida de apoio ante a indefensión do profesorado e como chamada de atención sobre o

problema da violencia escolar. É un servizo aberto a todo o profesorado sen distincións e operativo en todas as comunidades autónomas, para favorecer a atención personalizada a todos os docentes e que xa leva atendido, desde a posta en marcha do servizo a preto de 2.000 docentes.



Nos datos que presentamos para Galicia, clasificamos as chamadas por sexo, por corpo e por tipoloxía, tentando neste último período de estudo axustar a súa definición algo mellor ao tipo de intervención que requiriu cada unha delas; polo que presentamos a incidencia de chamadas divididas en:

- Administrativas: aquelas que se poden solucionar a través da intervención directa do profesorado afectado ou ben a través da propia organización sindical que se encarga de facilitarlle os trámites pertinentes.
- Psicolóxicas: aquelas nas que se necesita asesoramento psicolóxico por parte dun profesional.
- Xurídicas: aquelas que requiren a participación do asesor xurídico para a súa solución ou ben a realización dalgún trámite de tipo xurídico.

Debemos indicar que nestes datos se recollen os correspondentes ás chamadas recibidas polo servizo autonómico do Defensor do Profesor e, polo tanto, non recollen as recibidas polo servizo provincial de ANPE Ourense nin as recibidas no servizo a nivel nacional pero correspondentes a docentes galegos.

Así mesmo, segundo datos aportados pola propia Administración Educativa, durante o pasado curso escolar abríronse na nosa comunidade un total de 1.010 expedientes administrativos ao alumnado dos diferentes niveis educativos o que supón un 0,34% do total. O maior número de expedientes corresponde ao alumnado da ESO cun total de 721 (o 80%). Sen embargo, se falamos en termos porcentuais, o primeiro posto é ocupado polo alumnado da Formación Profesional Básica etapa na que dos 3.598 alumnos cos que conta na nosa Comuni-

dade Autónoma se pecharon un total de 127 expedientes disciplinarios (3,53%). Cabe destacar que nesta etapa educativa e nos últimos anos o aumento de expedientes pechados é alarmante pasando dos 26 na etapa equivalente do curso 2008-2009 aos 127 do curso pasado. Unha evolución semellante se vén producindo así mesmo na etapa de educación primaria onde se pasaron dos 29 expedientes do curso 2008-2009 aos 86 do curso pasado. Este importante aumento da conflictividade do alumnado de primaria é un dos aspectos que máis preocupa ao servizo do Defensor do Profesor e a ANPE Galicia que levan anos chamando a atención sobre os cada vez maiores problemas que xorden en alumnado de idades cada vez menores.


Tamén é importante destacar o aumento do número de chamadas ao servizo relacionadas con problemas cos pais/nais do alumnado. Este aspecto tamén é preocupante sobre todo se temos en conta que desde o noso servizo e desde ANPE entendemos que o sistema educativo debe contar non só coa colaboración da Administración Educativa e do profesorado senón tamén dos pais e nais como peza fundamental e como primeiros axentes socializadores e educadores dos rapaces e rapazas.

Cremos que unha actitude pouco exemplarizante por parte das familias ten a súa repercusión negativa e incide profundamente nos comportamentos disruptivos por parte do alumnado.

ANPE Galicia considera importantísimo, como vén recalando desde sempre, o apoio e a colaboración entre familia e profesorado galego como ferramenta fundamental para mellorar o clima de convivencia nas nosas aulas.



PORCENTAXE DE CHAMADAS POR CORPO



PORCENTAXE DE CHAMADAS POR SEXO





GRÁFICO CHAMADAS TOTAL DE GALICIA



PORCENTAXES DE CHAMADAS POR PROVINCIAS

A CORUÑA



LUGO



PONTEVEDRA



OURENSE



QUÉ LEVA FEITO ANPE GALICIA POLA RECUPERACIÓN DAS PAGAS EXTRA?

PRESENTACIÓN DESDE ANPE GALICIA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO 373/2013



20/03/14

Escrito reclamación cumplimiento da sentenza

Consellería de Facenda

10/10/14

1ª sentenza favorable (00172/2014). Recoñecemento do dereito á extra do 2012

Éxito dos servizos xurídicos de ANPE Galicia

28/03/16

Escrito reclamación extras 2013-2016

Consellería de Facenda
Consellería Educación

29/04/16


Escrito de queixa ante a Valedora do Pobo

Concentración Delegados ANPE Consellería de Educación

19/05/16

Presentación do informe sobre a situación educativa en Galicia

05/16





Concentración
de Delegados
Xunta Galicia

Reunións cos
grupos
parlamentarios

22/11/16

30/11/16

Entrega das
preto de 2000
sinaturas
recollidas

06/11/16

Campaña de
recollida de
sinaturas
entre o
profesorado

09/12/16

Carta a Feijoo
reclamando
as extras
2013-2016

15/02/17

**CONTINUAREMOS
NO 2018...**

28/07/16

Novo escrito
reclamación
das pagas
extras
2013-2016

Petición da
inclusión de
partida
económica nos
orxamentos
para o 2017



RECUPERACIÓN DOS 6.000 EUROS DE MEDIA

PERDIDOS POR CADA DOCENTE
NAS EXTRAS DESDE O ANO 2013

META

Xubilación

| RESUMO DAS PENSIÓNS DE XUBILACIÓN 2018 PARA O PERSOAL DOCENTE DE CLASES PASIVAS | | | | |
|---|------------------------------------|--|---|--|
| | TIPO | REQUISITOS | CÁLCULO DA PENSIÓN | SOLICITUDE/OBSERVACIÓNS |
| | VOLUNTARIA ANTICIPADA ORDINARIA | <ul style="list-style-type: none"> Ter cumpridos 60 anos. Ter recoñecidos 30 anos de servizos efectivos ao Estado (si se usan anos cotizados a outros réximes da Seguridade Social os 5 últimos anos teñen que estar cubertos no Réxime de Clases Pasivas). Non teñen que ser necesariamente os últimos 15 anos de servizos como docente. Hai que presentar un certificado de vida laboral. | <ul style="list-style-type: none"> Aplicación da porcentaxe do haber regulador do Corpo que corresponda en función dos anos de servizo acreditados. Ademais dos tempos cotizados no Réxime de Clases Pasivas e calquera réxime da seguridade social, tamén se computa: <ul style="list-style-type: none"> O tempo de servizo militar obrigatorio ou a prestación social substitutoria que exceda de 9 meses. Períodos asimilados ao parto, é dicir, cotización de 112 días por cada fillo nado no momento no que non se estaba traballando. Beneficio de coidado de fillos menos cando o nacemento se produce entre 9 meses e 6 anos da interrupción da cotización. Non da dereito a gratificación. Non se aplican coeficientes redutores. | <ul style="list-style-type: none"> Ten que solicitarse con, a lo menos, tres meses de antelación. Iníciase, a petición do interesado, na súa Xefatura Territorial correspondente. Tamén se pode solicitar si se está en situación de excedencia. |

| RESUMO DAS PENSIÓNS DE XUBILACIÓN 2018 PARA O PERSOAL DOCENTE DE CLASES PASIVAS | | | | |
|---|----------------------------------|--|---|--|
| | TIPO | REQUISITOS | CÁLCULO DA PENSIÓN | SOLICITUDE/OBSERVACIÓNS |
| | FORZOSA AO CUMPRIR OS 65 ANOS | <ul style="list-style-type: none"> Ter cumpridos 65 anos de idade. Ter 35 anos de servizos para percibir a máxima pensión. Ter acreditados 15 anos de servizos. | <ul style="list-style-type: none"> A pensión dependerá dos anos de servizo acreditados e do haber regulador do grupo ao que pertenza. A partires do 2016 existen porcentaxes adicionais por maternidade para mulleres que tiveran 2 ou máis fillos. Os anos de servizo efectivos ao Estado son os prestados en servizo activo en calquera das Administracións Públicas, en situación de servizos especiais e os que se teñan cotizados a calquera réxime público de Seguridade Social (aplicable a interinos e a quen teña traballado con anterioridade na empresa privada). Os/as xubilados/as con carácter forzoso, por incapacidade ou idade, reciben de MUFACE, a partires do 1 de xaneiro de 2013, o importe da metade do importe íntegro dunha mensualidade ordinaria das retribucións básicas (soldo base e trienios). Dita cantidade hai que solicitala na Delegación de MUFACE da provincia correspondente. | <ul style="list-style-type: none"> A Administración xestiona e resolve de oficio 6 meses antes se non se ten solicitado prórroga. Pódese solicitar prórroga ata o 31 de Agosto se son cumpridos os anos durante o curso escolar. |


RESUMO DAS PENSIÓNS DE XUBILACIÓN 2018 PARA O PERSOAL DOCENTE DE CLASES PASIVAS

| | TIPO | REQUISITOS | CÁLCULO DA PENSIÓN | SOLICITUDE/OBSERVACIÓNS |
|----------------|--------------------------------|---|---|--|
| FORZOSA | PRÓRROGA ATA OS 70 ANOS | <ul style="list-style-type: none"> • É voluntaria polo que non é obrigatorio permanecer en activo ata os 70 anos. • Estar apto para o servizo. • A Administración Pública competente deberá resolver de forma motivada a aceptación ou denegación da prolongación do servizo activo. • Terá dereito ao recoñecemento dunha porcentaxe adicional por cada ano completo de servizos efectivos ao Estado: <ul style="list-style-type: none"> ✓ Ata 25 anos: o 2% ✓ Entre 25 e 37 anos: 2,75 % ✓ A partir de 37 anos: 4% • Se supera o límite máximo pódese recibir unha contía adicional que sumada á pensión non poderá ser superior ao haber regulador do Grupo/Subgrupo A1 dividido en 14 pagas. | <ul style="list-style-type: none"> • Igual que no caso anterior a contía da pensión dependerá dos anos de servizo e do haber regulador do grupo ao que pertenza. • Cando se teñan polo menos 15 anos de servizos efectivos ao Estado recoñeceráse unha porcentaxe adicional por cada ano completo cotizado despois dos 65 anos. • Os/as xubilados/as con carácter forzoso, por incapacidade ou idade, reciben de MUFACE, a partires do 1 de xaneiro de 2013, o importe da metade do importe íntegro dunha mensualidade ordinaria das retribucións básicas (soldo base e trienios). Dita cantidade hai que solicitala na Delegación de MUFACE da provincia correspondente. | <ul style="list-style-type: none"> • Debe solicitarse por escrito cunha antelación mínima de 3 meses á data de cumprir os 65 anos. • As sucesivas prórrogas, no caso de querer solicitalas, deben cumprir o mesmo requisito de antelación. • O fin da prórroga deberá comunicarse, polo menos, con 3 meses de antelación á data escollida para a xubilación definitiva, que non poderá ir máis aló dos 70 anos. |

RESUMO DAS PENSIÓNS DE XUBILACIÓN 2018 PARA O PERSOAL DOCENTE DE CLASES PASIVAS

| | TIPO | REQUISITOS | CÁLCULO DA PENSIÓN | SOLICITUDE/OBSERVACIÓNS |
|----------------|---|--|---|---|
| FORZOSA | POR INCAPACIDADE PERMANENTE PARA O SERVIZO (IPS) | <p>TIPOLOXÍA:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Incapacidade total: é aquela que incapacita para o desempeño das funcións fundamentais do Corpo ao que pertence. • Incapacidade absoluta: é aquela que incapacita para o desempeño de toda profesión ou oficio. • Gran invalidez: é aquela na que o/a afectado/a necesita a asistencia dunha persoa para as actividades máis esenciais da vida. <p>REQUISITOS:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Informe emitido preceptivamente polo EVI ou Equipo de Valoración de Incapacidade [dito informe é vinculante desde 2009]. | <p>O cálculo da pensión en casos de xubilación por incapacidade permanente para o servizo se realiza, igual que nos casos anteriores, en función do número de anos de servizo e o haber regulador do Corpo correspondente, pero se considera como servizo prestado o tempo que falte ata cumprir os 65 anos. Nos casos de incapacidade permanente para o servizo total por enfermidade común ou accidente non laboral con menos de 20 anos de servizo, redúcese un 5% por cada ano completo que lle falte ata os 20, cun máximo de redución do 25%. Desde 2016 hai porcentaxes adicionais por maternidade para as mulleres que tiveran 2 ou máis fillos.</p> <p>A Incapacidade Total é compatible con traballar noutro posto de traballo distinto pero, se é este o caso a pensión se reduce nun 25% se son máis de 20 anos de servizo e un 45% se tes menos.</p> <p>No caso da Gran Invalidez a contía da pensión a percibir vese incrementada nun 50% que aboa MUFACE para a contratación dunha persoa para atender á persoa afectada.</p> | <ul style="list-style-type: none"> • O/a interesado/a solicitará a baixa na Xefatura Territorial correspondente aportando a documentación oportuna. • O proceso tamén pode iniciarse de oficio por parte da Administración correspondente a partir dos 18 meses de baixa e tras o informe do EVI. • En relación á tributación indicar que a pensión por Incapacidade Total tributa a Facenda e, polo tanto, se lle aplica a retención correspondente. As pensións por Incapacidade Absoluta e Gran Invalidez non tributan e, polo tanto, non teñen retencións. |

Pensións de xubilación do persoal integrado en clases pasivas

1.- DETERMINACIÓN INICIAL DAS PENSIÓNS DO RÉXIME DE CLASES PASIVAS DO ESTADO

O R.D 1079/2017 do 30 de decembro, sobre revalorización e complementos de pensións de Clases Pasivas para o ano 2018 (BOE do 31 de decembro) determina os seguintes Haberes Reguladores:

| Grupo/Subgrupo (Lei 7/2007) | Haber regulador |
|-----------------------------|-----------------|
| A1 | 40.561,32 €/ano |
| A2 | 31.933,78 €/ano |

2.- CÁLCULO DA PENSIÓN NO RÉXIME DE CLASES PASIVAS

As pensións de Clases Pasivas calcúlanse aplicando unhas porcentaxes que están en función do número de anos de servizo prestados, a unhas cantidades que se denominan Haberes Reguladores e que están en función do grupo no que estea encadrado o corpo ao que pertence o/a funcionario/a.

Para o ano 2018 esas porcentaxes e as contías correspondentes anuais e mensuais se recollen na seguinte táboa:

| Anos de servizo | % haber regulador | Grupo A1 - ano | Grupo A1 - mes | Grupo A2 - ano | Grupo A2 - mes |
|-----------------|-------------------|---------------------|--------------------|----------------|----------------|
| 15 | 26,92 | 10.919,11 € | 779,94 € | 8.593,61 € | 613,83 € |
| 16 | 30,57 | 12.399,60 € | 885,69 € | 9.758,80 € | 697,06 € |
| 17 | 34,23 | 13.884,13 € | 991,72 € | 10.927,17 € | 780,51 € |
| 18 | 37,88 | 15.364,63 € | 1.097,47 € | 12.092,35 € | 863,74 € |
| 19 | 41,54 | 16.849,17 € | 1.203,51 € | 13.260,72 € | 947,19 € |
| 20 | 45,19 | 18.329,66 € | 1.309,26 € | 14.425,90 € | 1.030,42 € |
| 21 | 48,84 | 19.810,15 € | 1.415,01 € | 15.591,08 € | 1.113,65 € |
| 22 | 52,52 | 21.302,80 € | 1.521,63 € | 16.765,84 € | 1.197,56 € |
| 23 | 56,15 | 22.785,21 € | 1.627,52 € | 17.924,64 € | 1.280,33 € |
| 24 | 59,81 | 24.259,73 € | 1.732,84 € | 19.093,01 € | 1.363,79 € |
| 25 | 63,46 | 25.740,21 € | 1.838,59 € | 20.258,20 € | 1.447,01 € |
| 26 | 67,11 | 27.220,70 € | 1.944,34 € | 21.423,38 € | 1.530,24 € |
| 27 | 70,77 | 28.705,24 € | 2.050,38 € | 22.591,75 € | 1.613,70 € |
| 28 | 74,42 | 30.185,74 € | 2.156,12 € | 23.756,93 € | 1.696,92 € |
| 29 | 78,08 | 31.670,28 € | 2.262,16 € | 24.925,31 € | 1.780,38 € |
| 30 | 81,73 | 33.150,77 € | 2.367,91 € | 26.090,48 € | 1.863,61 € |
| 31 | 85,38 | 34.631,26 € | 2.473,66 € | 27.255,67 € | 1.946,83 € |
| 32 | 89,04 | 36.115,80 € | 2.579,70 € | 28.424,04 € | 2.030,29 € |
| 33 | 92,69 | *37.596,29 € | *2.685,44 € | 29.589,22 € | 2.113,52 € |
| 34 | 96,35 | *39.080,83 € | *2.791,49 € | 30.757,60 € | 2.196,97 € |
| 35 ou máis | 100,00 | *40.561,32 € | *2.897,24 € | 31.922,78 € | 2.280,20 € |

3.- LIMITACIÓN DO SINALAMENTO INICIAL DAS PENSIÓNS PÚBLICAS

O importe a percibir **non poderá superar**, durante o ano 2018, a contía íntegra de **2.580,12 € mensuais**, sen perxuízo das pagas extraordinarias que puideran corresponder ao seu titular, cuxa contía tamén estará afectada polo citado límite. **O límite anual sería de 36.115,80 €.**

No suposto de que un mesmo titular concorra nunha ou varias pensións de Clases Pasivas con outra ou outras pensións públicas, o valor da pensión ou conxunto de pensións de Clases Pasivas terá como límite unha cifra que garde coa de 36.115,80 euros íntegros anuais a mesma proporción que dita pensión ou pensións teñan co conxunto total de pensións públicas que perciba o seu titular.

4.- REVALORIZACIÓN E MODIFICACIÓN DOS VALORES DAS PENSIÓNS PÚBLICAS

As pensións experimentarán no ano 2018 un **incremento do 0,25 %** sobre a contía mensual íntegra que percibira ou lle correspondera percibir ao seu titular a 31 de decembro de 2017.

5.- XUBILACIÓN VOLUNTARIA NO RÉXIME DE CLASES PASIVAS DO ESTADO

A xubilación voluntaria regulada no artigo 28.2 b) do Real Decreto 670/87 para aqueles funcionarios/as acollidos ao Réxime de Clases Pasivas que teñan como **mínimo 60 anos de idade e acrediten 30 anos de servizos efectivos ao Estado** segue vixente para este ano 2018.

Ademais dos requisitos anteriormente citados, para ter dereito a dita xubilación estará condicionado a que os **últimos cinco anos de servizo computables estean cubertos no Réxime de Clases Pasivas do Estado**, cando para completar os trinta anos de servizo esixidos tiveran que computarse períodos de cotización a outros réximes, por aplicación das normas sobre cómputo recíproco de cuotas entre réximes de Seguridade Social.

A Lei de Orzamentos para o ano 2014 engadiu unha disposición adicional, a decimosesta, que contemplaba o seguinte:

“Dita regra será tamén de aplicación cando para contemplar os trinta anos de servizo esixidos tiveran que computarse períodos de seguro, residencia ou asimilados cubertos fóra de España, derivados da aplicación de convenios bilaterais ou de regulamentos comunitarios de coordinación dos sistemas de seguridade social, salvo que os referidos períodos correspondan a actividades que de desenvolverse en España tiveran dado lugar á inclusión obrigatoria do interesado no Réxime de Clases Pasivas.”

O requisito que establece que os últimos cinco anos de servizo computables estean cubertos no Réxime de Clases Pasivas do Estado non será de aplicación ao persoal da Administración do Estado en servizo activo, servizos especiais, excedencia por coidado de familiares e excedencia por razón de violencia de xénero que, como consecuencia da superación dos procesos de aceso e promoción regulada na normativa xeral de función pública, cambie de réxime de protección social.



6.- PENSIÓN DE XUBILACIÓN E DESEMPEÑO DUNHA ACTIVIDADE LABORAL

Coa entrada en vigor do Real Decreto Lei 5/2013 do 15 de marzo, o Réxime de Clases Pasivas foi modificado en relación á compatibilidade de pensións e a realización dunha actividade laboral. Aquelas persoas (no noso caso persoal docente) que se xubilen con 65 anos e 35 de servizos ou máis, poden compatibilizar a súa pensión coa realización de actividades privadas por conta propia ou allea, que dean lugar á inclusión do interesado en calquera réxime público de Seguridade Social. Neste caso, e durante o tempo que permaneza nesa situación, o funcionario xubilado percibirá o 50 % da pensión que ten asignada. Cada ano ese 50 % se revalorizará na porcentaxe que se estableza.

A percepción das pensións de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade será incompatible co exercicio dunha actividade, por conta propia ou allea, que dea lugar á inclusión do seu titular en calquera réxime público de Seguridade Social. Non obstante, nos termos que regulamentariamente se determine, nos supostos de pensións de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade, cando o interesado non estea incapacitado para toda profesión ou oficio, se poderá compatibilizar a percepción da pensión co desempeño de dita actividade sempre que sexa distinta á que viña realizando ao servizo do Estado. Neste caso, e mentres dure dita situación, o importe da pensión recoñecida, se reducirá ao 75 % da correspondente contía, se son acreditados máis de 20 anos de servizos efectivos ao Estado; ou ao 55 % se o interesado tivera cuberto menos de 20 anos de servizos no momento da súa xubilación ou retiro.

7.- PENSIÓN EXTRAORDINARIA

Cando a incapacidade é orixinada por accidente ou enfermidade en acto de servizo ou como consecuencia do mesmo ou por acto terrorista tense dereito a unha pensión extraordinaria previo recoñecemento deste feito [artigo 47.2 do Real Decreto Lei 670/87].

O cálculo de ditas pensións faise multiplicando por 2 os haberes reguladores correspondentes ao Grupo ao que pertenza o funcionario.

A percepción de dita pensión se produce previo recoñecemento por parte da Administración unha vez solicitada a mesma por parte do funcionario.

Os accidentes in itinere non se interpretan na lexislación de Clases Pasivas como derivados do acto de servizo nin como consecuencia deste e, polo tanto, non orixinan unha pensión extraordinaria.

8.- PENSIÓN DE XUBILACIÓN POSTERIOR Á IDADE DOS 65 ANOS

Desde Xaneiro de 2015 véñse aplicando o establecido no apartado 2 do artigo 163 do TRLGSS, aprobado polo Real Decreto Lei 1/1994 de 20 de xuño. Este apartado contempla que se se accede á pensión de xubilación a unha idade superior á que resulte de aplicación no caso da xubilación de carácter forzoso e se completaran polo menos 15 anos de servizos efectivos ao Estado, se recoñecerá unha porcentaxe adicional por cada ano completo cotizado entre a data na que se cumpriu dita idade e a do feito causante da pensión. Esta contía estará en función dos anos de cotización acreditados na primeira das datas indicadas segundo a seguinte táboa:

- Ata 25 anos: 2%
- Entre 25 e 37 anos cotizados: 2,75%
- A partir de 37 anos cotizados: 4%

A suma da pensión e a bonificación non pode superar o tope máximo do haber regulador do grupo A1 considerado en cómputo anual (2.897,24 €).



9.- COMPLEMENTO ÁS PENSIÓN POR MATERNIDADE

Serán beneficiarias as mulleres que tiveran fillos naturais ou adoptados e sexan beneficiarias de pensións de xubilación ou retiro de carácter forzoso ou por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade ou viuvez que se causen a partir do 1 de xaneiro de 2016 no Réxime de Clases Pasivas do Estado.

O importe consistirá no equivalente ao resultado de aplicar á pensión que corresponda recoñecer, unha porcentaxe determinada en función do número de fillos nados ou adoptados con anterioridade ao feito causante da pensión segundo a seguinte escala:

- No caso de 2 fillos: 5%
- No caso de 3 fillos: 10%
- No caso de 4 ou máis fillos: 15%

No suposto de que a contía da pensión que corresponda recoñecer sexa igual ou superior ao límite da pensión máxima, só se aboará o 50% do complemento.

O complemento por maternidade se recoñecerá pola Dirección Xeral de Costes de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.



ANPE GALICIA estrea nova páxina web

No seu esforzo por ofrecer os mellores servizos profesionais a todo o profesorado galego en xeral e aos seus afiliados en particular, ANPE Galicia estrea unha nova páxina web.

Máis dinámica, máis intuitiva, cun aspecto máis moderno e atractivo pero igual de completa e con toda a información exclusivamente profesional.

Atopa rapidamente e cun só click a información que estás a buscar relacionada co Ensino Público na nosa comunidade e tamén fóra dela: concurso de traslados, bolsas de traballo, listaxes de interinos, lexislación, cursos de formación, etc.

Mellorando por ti, xuntos podemos máis!

Afíliate a ANPE, sindicato de docentes do ensino público!!

Cada día crecemos máis para ofrecerche as mellores vantaxes en:

- ✓ Asesoramento e Defensa Xurídica, en vía administrativa.
- ✓ Prezos especiais para Cursos, Xornadas e toda a formación.
- ✓ Recepción mensual de Revistas con información profesional.
- ✓ Liña directa para Afiliados/as.
- ✓ Información profesional por mail e mensaxes a móbil.
- ✓ Reunións informativas: renovación de listaxes de interinos, concurso de traslados, oposicións, etc.
- ✓ Descontos en comercios, axencias de viaxes, automoción, ximnasios, etc.

Cubre a túa solicitude de afiliación on-line na nosa nova páxina web www.anpegalicia.es ten acceso a todas estas vantaxes!!

Decídetes hoxe mesmo a formar parte dun sindicato profesional que defende exclusivamente o ensino público e onde todos somos docentes coma ti.



NOVA WEB

http://anpegalicia.es/

Inicio ANPE Servizos Sedes Contacto



Porque cremos na Educación Docentes como ti



Calendario Gulas do profesorado Lexistación

Noticia nova
GAUCIA 11 XANL 2018
Ampliación dos permisos de maternidade e paternidade
A Administración Educativa informa que ampliarán os permisos de maternidade e paternidade DE OFICIO e ENVIARÁN CONFIRMACIÓN AS PERSOAS IMPLICADAS ...

Ler máis
#maternidade #permisos e licenzas

Noticia nova
GAUCIA 11 XANL 2018
VI Jornadas do ensino: Entendendo o Autismo (TEA)
Aberto prazo de matrícula para as VI Jornadas do ensino: Entendendo o Autismo (TEA). Organizado por ANPE Coruña. É unha actividade de formación presencial que está homologada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por ...

Ler máis
#acción sindical #formación ANPE

Noticia nova
GAUCIA 11 XANL 2018
MUFACE: Cambio ordinario de entidade médica en xaneiro e novas cuantías
Durante o mes de xaneiro, os mutualistas e beneficiarios, que estean adscritos ao INSS (Sistema Sanitario Público) ou ás Entidades de Seguro de Asistencia Sanitaria (ADESLAS, ASISA, DKV e Igualatorio de Cantabria), poderán solicitar cambio de entidade médica ...

Ler máis
#acción sindical #MUFACE

Noticia nova
GAUCIA 10 XANL 2018
Inmersión lingüística - English Week
RESOLUCIÓN do 20 de decembro de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se resolve a convocatoria e selección de centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos dependentes desta ...

Ler máis
#Europasera #Centros

Noticia nova
GAUCIA 10 XANL 2018
Competencias Profesionais con experiencia laboral
ORDE do 29 de decembro de 2017 pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións p ...

Noticia nova
GAUCIA 08 XANL 2018
Dirección do centro residencial docente de Ourense
ORDE do 20 de decembro de 2017 pola que se convoca concurso público de méritos entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes, para cubrir a dirección do centro residencial docente de Ourense ...

Afiliate!
O defensor do profesor
FORMACIÓN
Concurso TRASLADOS
OPOSICIÓN
Oferta EMPREGO PÚBLICO
BOLSAS DE TRABAJO

- Acción sindical
- Centros
- Exterior
- Interinos
- Xubilacións
- Movibilidade do profesorado
- MUFACE
- Lexistación
- Notas de prensa
- Oposicións CCAA
- Permisos e licenzas
- Profesorado de Relación
- Plurilingüismo
- Premios, becas e axudas
- Retribucións
- Revistas

O Sindicato do Ensino público



Mellorando por ti, Xuntos podemos máis!!